

AXUDAS ECONÓMICAS DIRIXIDAS ÁS PERSOAS CON ESCLEROSE LATERAL AMIOTRÓFICA (ELA) BS215A

Consellería de Política Social e Xuventude. Xunta de Galicia

Obxecto

Prestar apoio ás necesidades que van xurdindo na evolución desta enfermidade e reforzar a cobertura existente na actualidade a través do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Requisitos

Ter feitos os 18 anos.

Estar empadroados/as nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estar diagnosticadas da enfermidade da ELA.

Ter recoñecida a situación de dependencia ou ter solicitada a situación de dependencia.

Gatos subvencionables

Serán subvencionables os seguintes gastos, no caso de non estaren cubertos polo Sistema público de saúde ou mutualidade correspondente.

1. Investimento

a) Adquisición de axudas técnicas para a mobilización como andadores, guindastes, cadeira de baño, cadeira, cinto de transferencia e outras axudas asimilables.

b) Adquisición de produtos de apoio destinados, segundo a clasificación da NORMA ISO 9999:2016, a:

Tratamento médico personalizado.

Adestramento e aprendizaxe de capacidades.

Mobilidade persoal.

Aseo, coidado e protección persoal.

Actividades domésticas.

Mobiliario e adaptacións para vivendas.

Comunicación e información.

Manipulación de obxectos e dispositivos.

Mellora e avaliación do contorno.

Lecer e recreación.

c) Adquisición de produtos de hixiene e aseo persoal segundo o Catálogo de produtos de apoio do Centro de referencia estatal de autonomía persoal e axudas técnicas e non incluídos na letra b) deste número.

d) Adaptación funcional do fogar e o seu contorno, no caso de non estar incluídos nas letras anteriores: modificacións ou adecuación de espazos, instalacións e equipamentos

que rodean a persoa beneficiaria co obxecto de facilitar ou habilitar a realización das actividades da vida diaria no fogar de maneira máis segura, sinxela e independente. Inclúese adaptación do interior da vivenda, dos accesos a esta e das zonas de uso común comunitario, no caso de habelas.

e) Adquisición de vehículo adaptado ou adaptación deste.

2. Gastos correntes

a) Servizos asistenciais complementarios ás prestacións da Seguridade Social ou mutualidades de previsión social prestados á persoa beneficiaria por profesionais habilitados: Fisioterapia manual e respiratoria, logopedia, psicoloxía, asistencia persoal/coidador profesional.

b) Transporte para a asistencia a tratamentos e centros asistenciais.

Non se concederá a axuda para o transporte, no caso de que a persoa solicitante se atope nalgunha das seguintes situacións:

Ser usuario de praza de atención residencial e conte con servizo de transporte subvencionado.

Ser usuario de centro de atención diúrna e conte con servizo de transporte subvencionado.

Non serán subvencionables as axudas técnicas e produtos de apoio incluídos no Catálogo xeral ortoprotésico incluído na Orde do 28 de maio de 2013 no caso de que a persoa solicitante cumpra os requisitos para a súa dispensación por esta.

As adquisicións e/ou servizos dos gastos subvencionables deberán estar realizados a partir do 1 de xaneiro de 2023 e estar efectivamente pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación

Contía da axuda

Pode acadar ata o 100 % do custo das actuacións subvencionables, cun máximo de 12.000 euros por persoa beneficiaria.

Solicitudes e prazo

As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Ata o 30 de novembro de 2023.

Máis información

Servizos sociais comunitarios do Concello de Touro

Teléfono: 98150400/504029 Extensión 1

Orde do 3 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas económicas para o ano 2023 dirixidas ás persoas con esclerose lateral amiotrófica e se realiza a súa convocatoria. (DOG nº 67 do 5/4/2023) BS215A